



MINISTERIO
DE TRABAJO
E ASUNTOS SOCIAIS

SECRETARÍA DE ESTADO DE
SERVIZOS SOCIAIS,
FAMILIAS E DISCAPACIDADE

DIRECCIÓN XERAL DAS FAMILIAS
E A INFANCIA

OBSERVATORIO DA INFANCIA

PLAN ESTRATÉXICO NACIONAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA 2006-2009

**Aprobado por Acordo de Consello de Ministros
de 16 de xuño de 2006**



C/ Agustín de Bethencourt 4
28071 MADRID
TEL: 91 363 81 93
FAX: 91 363 81 20



PRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

O Plan Estratégico Nacional de Infancia e Adolescencia 2006 – 2009 é o primeiro plan destas características que se elabora no Reino de España. Foi impulsado polo Goberno, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e contou coa colaboración das Comunidades Autónomas, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o movemento asociativo.

A finalidade deste Plan é promover o benestar da infancia e da adolescencia, tendo en conta as súas necesidades e intereses, co obxectivo de incrementar a súa calidade de vida e o pleno desenvolvemento das súas capacidades como suxeitos activos dos seus dereitos.

Este documento é a confluencia das sinerxías daquelas Institucións ou Entidades competentes e con responsabilidade na materia. Así mesmo, representa un fito e supón un grande avance na planificación das políticas de infancia.

Ata o momento presente, España non contara cun Plan Estratégico Nacional de Infancia e Adolescencia onde se puidesen establecer obxectivos e accións complementarias ás que se veñen desenvolvendo nos respectivos ámbitos territoriais.

O Plan responde non só a compromisos internacionais adquiridos na Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, senón moi especialmente ao compromiso político adquirido no programa de goberno, co propósito de garantir os mesmos dereitos a todos os cidadáns menores de 18 anos, e á necesidade de abordar de forma transversal e integral a atención á infancia e adolescencia mediante a implicación de todos os que traballamos na garantía, promoción e defensa dos seus dereitos.

O Plan, elaborado no seo do Observatorio da Infancia, vén consolidar este órgano como un instrumento útil e efectivo na proposta e concertación das políticas de infancia. O Grupo de Traballo creado expresamente para a redacción deste documento estivo Coordinado pola Dirección Xeral das Familias e a Infancia, desta Secretaría de Estado, e estivo integrado por 23 Institucións, das cales, 11 representan as Comunidades Autónomas; 6, a Administración Xeral do Estado; e outras 6, a iniciativa social.

Contouse coas achegas e suxestións de todos os membros do Observatorio, así como doutras institucións que non forman parte do mesmo, como a Universidade, o Defensor del Pueblo, o Defensor del Menor e de distintos foros celebrados polas Organizacións Sociais de Infancia.



A participación activa de todos os axentes demostra que a mellora na calidade de vida da infancia e adolescencia é unha responsabilidade compartida e esperamos que este I Plan sexa o instrumento idóneo para cumprir con ela. Estamos seguros de que esta colaboración se vai manter no necesario seguimento e posterior avaliación que se realizará deste Plan desde o propio Observatorio da Infancia.

Debemos felicitarnos polo resultado final que aquí se presenta e que conseguiu apoio unánime. Desexamos que sexa efectivo para promover e garantir os dereitos dos nosos máis pequenos cidadáns.

Amparo Valcarce García
Secretaria de Estado de Servizos Sociais,
Familias e Discapacidade



ÍNDICE

- I. Presentación
- II. Fundamentación
- III. Análise da Situación actual
- IV. Marco Conceptual
 - Liñas xerais
 - Principios básicos
 - Metodoloxía de elaboración
- V. Tipoloxía de actuacións
- VI. Obxectivos estratéxicos
- VII. Seguimento e avaliación do Plan Estratéxico.
 - Órganos de seguimento e avaliación
 - Indicadores de referencia para o seguimento do Plan
- VIII. Estimación orzamentaria
- IX. Anexo: Relación de Comunidades Autónomas con Plans de Infancia



I. PRESENTACIÓN

O Plan Estratégico Nacional de Infancia e Adolescencia é un esquema común de planificación integral, mediante o que se definen de forma consensuada as grandes liñas estratéxicas de desenvolvemento das políticas de infancia e adolescencia. Trátase dun instrumento integrador, a medio prazo, para lograr o pleno desenvolvemento dos dereitos, a equidade interterritorial e a igualdade de oportunidades para a infancia e a adolescencia, dentro dun marco común e flexible que respecte as singularidades e a capacidade de autogoberno de cada Comunidade Autónoma.

As políticas de benestar social da infancia e adolescencia teñen, no noso país, unha importante base territorial. Unha dimensión fundamental nesta estratexia é tanto a coordinación das diferentes administracións e axentes sociais nas actuacións sobre o territorio, especialmente en zonas ou barrios desfavorecidos, como a progresiva implantación ou xeneralización de plans rexionais e locais de atención á infancia e a adolescencia. Estes xa existen en trece comunidades autónomas e en numerosas entidades locais.

Este Plan, cuxa vixencia abranguerá desde o ano 2006 ata finais do 2009, *deberá entenderse como o eixe común e complemento das actuacións derivadas do nivel competencial de cada Institución.*

No seu deseño pretendeuse manter unha visión transversal e global, que contemple a Infancia e a adolescencia nas súas diferentes etapas evolutivas, no seu medio habitual de convivencia, prestando atención ás oportunidades que esta sociedade lles ofrece e compensando as posibles desigualdades. Polo tanto este Plan interactúa cos demais Plans estatais, autonómicos e locais, e comparte con eles aspectos específicos desta poboación e outros relacionados coa mellora da súa calidade de vida no ámbito territorial e material.

A **Constitución Española** establece a organización territorial do Estado baseada no principio de autonomía das nacionalidades e rexións que integran a Nación española e na solidariedade entre todas elas, o que se traduce na igualdade de dereitos e obrigacións en calquera parte do territorio do Estado.



Na Exposición de motivos da *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*, sinálase que a coexistencia da Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas e as das Entidades Locais, proxectando a súa actividade sobre un mesmo espazo subxectivo e xeográfico, fai necesario propiciar un achegamento eficaz dos servizos administrativos aos cidadáns, obxectivo que demanda á súa vez unha fluída relación entre as Administracións Públicas e un marco xurídico de actuación común a todas elas que permita aos particulares dirixirse a calquera instancia administrativa coa certeza de que todas actúan con criterios homoxéneos. Por iso é polo que a *cooperación* é o principio que debe presidir o exercicio de competencias compartidas ou das que se exercen sobre un mesmo espazo físico.

Tomando en consideración os principios expostos, procurouse a busca de obxectivos comúns para todas as institucións que participan no desenvolvemento dos dereitos da infancia e a definición dos medios necesarios para a coordinación de todos os dispositivos e institucións implicadas.

Este Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia tamén pretende analizar as políticas de infancia que se teñen desenvolto nos últimos anos no noso país por todos os axentes implicados na garantía e defensa dos dereitos da infancia, partindo dun compromiso asumido por todas as Institucións competentes na materia, así como polas Organizacións de iniciativa social, o que supón un verdadeiro pacto en favor dos dereitos da infancia. Os seus obxectivos e accións, baseadas no intercambio de información, a colaboración e asistencia recíprocas, a adopción de criterios de actuación comúns, así como a anticipación a problemas e novos desafíos, consideraranse como un valor engadido na atención á infancia e adolescencia. E isto supón un importante reforzo ás políticas de promoción da calidade de vida dos nenos, nenas e adolescentes que se veñen desenvolvendo en España desde as últimas décadas.

Por iso, o obxectivo deste Plan Estratéxico céntrase, fundamentalmente, na construción dunha cultura da cooperación entre as institucións públicas e privadas comprometidas na promoción e defensa dos dereitos da infancia e a adolescencia, que reverta nun mellor aproveitamento dos recursos existentes e nunha detección máis precoz e efectiva daquelas necesidades que puidesen estar cubertas de xeito insuficiente.

Isto supón o desenvolvemento de actuacións ou medidas que teñan as seguintes características:



- Accións transversais e complementarias ás que xa planifican e desenvolven nos seus respectivos ámbitos territoriais as institucións que teñen encomendadas por lei as competencias no desenvolvemento dos dereitos da infancia e a adolescencia.
- Accións elaboradas de forma conxunta por todas as institucións públicas e da iniciativa social que participan na satisfacción dos dereitos da infancia e da adolescencia.
- Accións que teñan por obxecto a prevención ou a superación de desigualdades territoriais respecto da promoción e defensa dos dereitos fundamentais da infancia e a adolescencia.

Cómpre que todas estas accións teñan por obxecto un incremento sostible da calidade de vida da infancia e a adolescencia e estean baseadas nos principios que rexen a Convención dos Dereitos do Neno e que, á súa vez, foron adoptados como principios básicos deste Plan Estratéxico Nacional.

II. FUNDAMENTACIÓN

Desde que en 1990 as Cortes Españolas ratificaron a **Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno**, o escenario social e a representación dos nenos, nenas e adolescentes foise adecuando a ese novo papel de cidadáns e suxeitos sociais e de dereitos, asumindo un papel máis activo na sociedade. Ao mesmo tempo, foi emerxendo unha conciencia crecente nos adultos acerca da identidade, capacidade, riscos e necesidades da infancia.

O Plan Estratéxico Nacional para a Infancia e a Adolescencia ten a súa orixe en:

- O Cumio Mundial a favor da Infancia, de 1990, que fixo súa a Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas, que fora aprobada pola Asemblea Xeral o 20 de novembro de 1989
- As Recomendacións do Comité dos Dereitos do Neno ao II Informe de aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno, de xuño de 2002.
- A Declaración e o Plan de Acción a nivel mundial contida no documento: "Un mundo apropiado para os Nenos e Nenas" ("Un mundo apropiado para los Niños y Niñas"), de 2002.

En maio de 2002, os Xefes de Estado e de Goberno e os representantes dos Estados participantes no período extraordinario de sesións da Asemblea



Xeral das Nacións Unidas sobre a infancia, onde España xogou un papel moi relevante ao ostentar a Presidencia da Unión Europea, subscribiron unha **Declaración e un Plan de Acción a nivel mundial** contida no documento: **“Un mundo apropiado para los Niños y Niñas”**.

No devandito Plan de Acción, exprésase o compromiso dos gobernos a aplicar o mesmo e a considerar a posibilidade de adoptar medidas para poñer en práctica leis, políticas e plans de acción nacionais eficaces e asignar recursos para realizar e protexer os dereitos dos nenos e as nenas e asegurar o seu benestar, así como a elaborar sistemas nacionais de vixilancia e avaliación para comprobar os efectos das medidas que se adopten con relación á infancia e a adolescencia.

Tralo exame do II Informe de España sobre aplicación da Convención, realizado en xuño de 2002, en función dos retos identificados para a infancia e a adolescencia, as **Recomendacións do Comité dos Dereitos do Neno** van dirixidas a que España “reforce e estableza unha coordinación eficaz tanto no seo dos organismos públicos como entre os distintos organismos nacionais, rexionais e municipais para a posta en marcha dunhas políticas de defensa e protección da infancia, así como a formular unha **Estratexia global sobre a infancia**, tomando como base os principios e disposicións da Convención, e a desenvolver e aplicar políticas intersectoriais sobre a infancia”.

Neste sentido, o Comité, aínda que recoñece os esforzos realizados por España para mellorar a coordinación, especialmente a través do Observatorio da Infancia, apunta a súa preocupación pola ausencia dunha política xeral sobre a infancia e a adolescencia. Esas observacións do Comité dos Dereitos do Neno foron utilizadas xunto coas recomendacións correspondentes para definir os obxectivos do presente Plan Estratéxico de Infancia e Adolescencia.

Un punto esencial para o éxito dos Plans Nacionais de Acción e do que esta Estratexia non se pode subtraer é a necesaria implicación e participación dos nenos, nenas e adolescentes, tanto no seu deseño, como na súa posterior aplicación e avaliación. Polo tanto, un dos obxectivos fundamentais deste Plan Estratéxico é o de marcar o camiño para que os nenos poidan tomar parte en todos os asuntos que os afectan.

Neste sentido, é fundamental o papel das Organizacións Non Governamentais no ámbito local, por seren consideradas o instrumento facilitador de espazos sociais onde os nenos, nenas e adolescentes poden ser escoitados e expresar a súa opinión con relación aos asuntos que lles concirnen. É importante reforzar as organizacións dirixidas polos menores de idade e prestar apoio ao exercicio do seu dereito de asociación.



Para rematar, cómpre sinalar que a posta en marcha do Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia dá cumprimento ao compromiso adquirido no III Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social 2005 – 2006, aprobado por Consello de Ministros o 8 de setembro de 2005.

III.- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL.

Nos últimos anos, tras terse aprobado a Convención sobre os Dereitos do Neno, a situación dos nenos e as nenas no mundo mellorou considerablemente, posto que, ademais do recoñecemento dos dereitos a favor da infancia e adolescencia, se incrementou considerablemente a sensibilidade social a favor deste colectivo máis vulnerable.

O avance atinxido por España no desenvolvemento das políticas de promoción dos Dereitos da Infancia nos últimos anos foi obxecto de recoñecemento expreso por parte do Comité dos Dereitos do Neno nas **Observacións finais** formuladas ao II informe presentado por España con relación á aplicación da Convención.

En efecto, o Comité, nas súas observacións finais, destacou unha serie de logros que consideramos importante sinalar, posto que reflicten o percorrido realizado e a situación en que se atopan as políticas de infancia.

- No ámbito **lexislativo**, as novas leis aprobadas a nivel nacional e autonómico para axustar mellor o ordenamento interno ás disposicións da Convención. Entre outras, pódense citar as seguintes:
 - *Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil.*
 - *Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores e o seu Regulamento (Real Decreto 1774/2004), así como as emendas ao Código Penal con respecto aos delitos contra a integridade sexual (Lei 11/1999) e á protección das vítimas de malos tratos (Lei 14/1999).*

Con posterioridade a esta data, continuouse este labor de adecuación e avance lexislativo, citándose, entre outras, as seguintes disposicións:

- *Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.*
- *Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección integral contra a violencia de xénero.*



- *Lei Orgánica 3/2005, de 8 de xullo, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder xudicial, para perseguir extraterritorialmente a práctica da mutilación xenital feminina.*
 - *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
 - *Proxecto de Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*
-
- Respecto á recomendación formulada sobre os mecanismos de coordinación, o Comité considera favorable a creación do Observatorio de Infancia en 1999. Ademais, observa que algunhas Comunidades Autónomas crearon institucións ou servizos dedicados especialmente aos nenos.
 - Tamén se resaltan os diversos programas e políticas sociais destinados á infancia que adoptou o Estado e as Comunidades Autónomas, como os de prestación de servizos sociais, erradicación da pobreza ou apoio ás familias en situacións especiais, e, de conformidade coa anterior recomendación do Comité, os Plans Nacionais de Acción para a Inclusión Social, Mocidade e outros que pola súa natureza teñan unha especial incidencia no ámbito da infancia e adolescencia.
 - Tamén destaca a creación do cargo de Adxunto do Defensor del Pueblo encargado dos asuntos relacionados coa infancia, así como o establecemento de varios órganos independentes que se ocupan das violacións dos dereitos da infancia a nivel autonómico.
 - Destacou o incremento por parte do Estado Español da asistencia aos nenos, nenas e adolescentes dos países en desenvolvemento, sinalando en particular que España foi desde os seus inicios un dos principais doadores do Programa Internacional para a Erradicación do Traballo Infantil (IPEC) da OIT en América Latina.
 - Tamén se sinala positivamente por parte do Comité que España foi o primeiro país europeo en ratificar os dous protocolos Facultativos da Convención sobre os Dereitos do Neno. Así mesmo, tamén ratificou o Convenio nº 182 da OIT sobre a prohibición das peores formas de traballo infantil.

Sendo necesario partir dun recoñecemento dos aspectos máis positivos do sistema creado en España para garantir os dereitos da infancia, é igualmente importante ter identificadas as problemáticas máis emerxentes que configuran os novos retos da infancia española no século XXI para poder realizar unha mellor abordaxe estratéxica. Mencionaremos algúns dos retos que quedan por superar, pospoñendo a análise cuantitativa exhaustiva ao seguimento dos indicadores do capítulo VII:



- A atención á **saúde infantil** experimentou un avance evidente nas últimas décadas. O desenvolvemento do Sistema Nacional de Saúde, xunto con outros factores esencialmente socioeconómicos, tivo un impacto positivo no sistema de saúde, que se reflectiu nos indicadores ao uso: redución progresiva da mortalidade infantil e perinatal, cambio acelerado nos patróns de morbilidad e motivos de consultas, aumento da esperanza de vida, etc. A consolidación do Sistema de Saúde Pública, da rede hospitalaria infantil e dos centros de atención primaria de saúde supuxo, entre outros, un cambio no patrón das enfermidades tratadas: substituíronse as enfermidades infecciosas por procesos non transmisibles, entre os que debemos destacar os accidentes como causas principais de enfermidade e morte na infancia.

No apartado de retos cómpre mencionar o preocupante incremento dos embarazos e das interrupcións voluntarias do embarazo en adolescentes, que indica a necesidade de recapacitar sobre a educación sexual que están recibindo as e os adolescentes, evitando posibles situacións de sometemento e/ou violencia de xénero, e situacións de risco de embarazos non desexados, infección por VIH/SIDA e outras infeccións de transmisión sexual.

Así mesmo, resulta altamente preocupante a baixa percepción do risco con relación ao consumo de drogas, mentres que aumenta a percepción da accesibilidade ás drogas por parte dos adolescentes e se produce un incremento significativo dos consumos, especialmente do alcohol e cannabis, consumos que se realizan cada vez a idades máis temperás.

Doutra banda, cada vez aparecen a idades máis temperás graves riscos para a súa saúde, como ocorre cos trastornos na alimentación, como a anorexia, a bulimia ou as dietas non saudables. Dado que se estiman, ademais, unhas cifras de obesidade infantil, aproximadamente do 14% dos menores de 18 anos, débese potenciar unha educación que promova a valoración do corpo propio e alleo.

Nesta breve referencia a retos cómpre facer constar os problemas de saúde mental, que afectan segundo algunhas estimacións o 20% dos menores de 18 anos, e aos cales a rede pública debe ofrecer respostas sobre todo en aspectos como a accesibilidade aos servizos e a continuidade dos tratamentos, especialmente para a poboación adolescente.

- A política de **educación** en España, de acordo cos obxectivos comúns europeos acordados en 2002 polo Consello Europeo de Barcelona, céntrase en previr o fracaso e promover o éxito escolar, dedicando os recursos necesarios para lograr a escolarización temperá, evitar o abandono escolar, atender a diversidade compensando desigualdades, apoiar os programas para os alumnos con necesidades educativas



especiais, alumnos estranxeiros, etc., co fin de garantir a calidade e equidade educativa para toda a poboación.

A taxa de escolarización dos mozos de entre 16 e 17 anos creceu de forma notable, téndose xeneralizado a educación obrigatoria ata os 16 anos. Este feito incrementou o nivel medio de formación da poboación.

Con todo, o sistema educativo enfróntase a múltiples retos aos que cómpre facer fronte: alto índice de abandono prematuro dos estudos, fracaso escolar, atención á diversidade dada a porcentaxe cada vez máis elevada de menores de orixe estranxeira, violencia entre iguais, desigualdades nas saídas profesionais en función do xénero e roles sexistas, por citar os máis preocupantes.

Todos estes retos esixen a decidida actuación, non só das administracións educativas, senón da sociedade en xeral, cuxo futuro depende da formación dos máis novos.

- Os medios de comunicación e particularmente a irrupción das **novas tecnoloxías** da información e a comunicación é un fenómeno global cun enorme potencial que, se non se lle presta a atención que merece, pode xerar máis desigualdades, agrandando a brecha dixital en función da bagaxe educativa e cultural que presentan os cidadáns. No que se refire á infancia e adolescencia, o reto é dobre: por unha banda garantir o seu coñecemento e utilización como instrumento de aprendizaxe e desenvolvemento e, por outra, garantir as condicións nas que este uso ten lugar, de forma que se respecten e protexan os dereitos da infancia fronte aos contidos violentos, racistas ou sexuais, en especial a utilización de nenos e nenas como protagonistas de escenas pornográficas e violentas. Neste sentido estanse desenvolvendo novas iniciativas, coa colaboración das Administracións públicas e a iniciativa social (Código de autorregulación, Plan Avanza, etc.).
- ♣ Unha das prioridades, dentro das políticas de **conciliación da vida familiar e laboral**, é ofertar suficientes servizos de calidade onde os pequenos que non alcanzaron a idade da escolarización obrigatoria sexan atendidos con garantías durante a xornada laboral das súas nais e pais. En España, practicamente o 100% de nenos e nenas de 3 a 5 anos acode a algún centro de educación infantil. Ao mesmo tempo faise necesario involucrar o tecido empresarial como axente promotor de políticas ou prácticas que faciliten compaxinar o tempo dedicado ao traballo e á familia.

Aínda que a cantidade e a calidade dos servizos que atenden menores de 3 anos aumentaron e melloraron substancialmente nos últimos 15 anos,



aínda non hai unha oferta suficiente, de calidade e diversificada, segundo o último estudo realizado polo Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e as Comunidades Autónomas. As desigualdades territoriais son preocupantes, malia que se estima unha taxa de cobertura real en torno ao 21% no conxunto do país, por riba das cifras que, ata 2004, manexaba o Ministerio de Educación e Ciencia (12,6%). Estas diferenzas nos datos teñen a súa orixe no proceso de transformación que se está desenvolvendo no sector como consecuencia da súa regulación, emprendida en 1990 e aínda en fase de axuste. A Unión Europea fixou como obxectivo para 2010 unha cobertura do 33%.

- A loita contra a **pobreza e a exclusión social**, que está case sempre na orixe das situacións de explotación, debe ocupar un lugar preponderante nos obxectivos de intervención, tal e como se establece no último Plan Nacional de Acción de Inclusión Social do Reino de España. Os datos máis actualizados sobre pobreza infantil ofréceos a Enquisa de condicións de vida 2004 (INE 2005), tomando como limiar de pobreza o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo. Segundo esta estatística, se a porcentaxe de poboación española por baixo do limiar da pobreza era do 19,9%, para os menores de 16 anos esta porcentaxe chegaba ao 24,3% (25,7 en varóns e 22,7 en mulleres).
- E, por suposto, non podemos esquecer aqueles nenos e nenas que se atopan en **situación de risco e desprotección social**: A sensibilidade social contra a desprotección e maltrato infantil incrementouse de forma paralela á mellora dos sistemas de detección, notificación e intervención contra todas as formas de violencia contra os nenos, nenas e adolescentes. No entanto, cómpre impulsar novas accións dirixidas á mellora do coñecemento, prevención e intervención contra o maltrato infantil. As situacións de risco que afectan a infancia e adolescencia son múltiples, engadindo ás xa enumeradas as derivadas do traballo infantil, as relacionadas nun ambiente familiar condicionado pola violencia doméstica, pertenza a minorías étnicas, os procesos migratorios de menores non acompañados, a prostitución, o abuso e a explotación infantil, etc.

Para loitar contra todas estas situacións e protexer os dereitos da infancia é necesario, ademais do esforzo de todas as entidades públicas e privadas de protección de menores, a mellora do marco legislativo para adecualo ás novas necesidades sociais, continuando o camiño establecido na Lei Orgánica contra a violencia de Xénero. Así mesmo, debemos mellorar a sensibilización de toda a sociedade para acabar con todas as formas de abuso e explotación infantil (en liña co establecido, entre outros, no II Plan de Acción contra a explotación sexual da infancia e



adolescencia 2006 – 2009), protagonizados maioritariamente por homes, polo que é necesaria unha educación que poña en cuestión a violencia contra as mulleres, as nenas e os nenos.

- Outro aspecto importante é o relativo ao incremento da **adopción internacional** en España. O aumento dos países que ratificaron o Convenio da Haia, unido ao espectacular aumento das solicitudes de adopción internacional, supón un reto para os servizos de protección de menores e pon de manifesto a necesidade de implantar uns programas de postadopción que faciliten a correcta integración dos menores na nosa sociedade e o apoio que necesitan os pais adoptivos, así como garantir unha maior colaboración e participación dos sectores afectados en prol da mellora dos procesos de Adopción Internacional, tal e como se favorece, por exemplo, no recentemente creado Consello Consultivo de Adopción Internacional.
- Doutra banda, a **Xustiza xuvenil** é un campo que presenta novos retos. O marco xurídico establecido pola Lei Orgánica 5/2000 e o Regulamento que a desenvolve, aprobado por Real Decreto 1774/2004, supón a posibilidade dunha intervención penal e educativa dunha forma homologada coa normativa e disposicións supranacionais subscritas por España. Ora ben, o incremento dos menores infractores que ingresan neste sistema demanda a necesidade de novas análises, tanto do fenómeno como dos sistemas de intervención, que permitan desenvolver unhas boas prácticas que reduzan esta problemática a través do traballo preventivo (en especial cos menores de 14 anos), a educación e reinserción dos infractores xuvenís.
- No contexto da **cooperación internacional** tamén se presentan retos vinculados cos procesos migratorios, nos que participan cada vez persoas máis novas; as medidas internacionais de protección á infancia e a cooperación bilateral e multilateral, especialmente cos países europeos, o Magreb e América Latina. Faise, xa que logo, necesario mellorar os sistemas de intercambio de información sobre a situación da infancia no mundo e de boas prácticas sobre a promoción e protección dos dereitos da infancia, con vista a fortalecer os servizos de protección de menores nos países do noso contorno.
- Finalmente, un dereito da infancia e adolescencia que require un maior desenvolvemento para o cumprimento efectivo da Convención dos Dereitos dos Nenos é o relacionado coa **participación infantil** e, de xeito específico, naqueles asuntos que lles concirnen, facilitando que se escoite a súa opinión e sexa tida en conta, sobre todo en decisións profesionais de especial transcendencia para a vida dos nenos e nenas como internamentos, adopcións, acollidas, etc. A práctica deste dereito



require promover unha cultura diferente de achegamento aos dereitos e responsabilidades, así como ás necesidades da infancia, e non é suficiente a súa plasmación xurídica porque se debe estender á súa vida cotiá en todos os seus ámbitos de socialización.



IV.- MARCO CONCEPTUAL

Liñas xerais

O Plan Estratéxico aséntase nos principios e contidos da Convención sobre os Dereitos do Neno, e asume o compromiso de dar efectividade á mesma a través das medidas que se propoñen. Como xa se indicou, o Plan estratéxico pretende promover a abordaxe transversal e multidisciplinar da atención á infancia e adolescencia mediante a **coordinación** efectiva dos distintos axentes implicados na garantía, promoción e defensa dos seus dereitos.

Este Plan tamén é coherente cos principios e dereitos fundamentais da Constitución Española e con todo o marco normativo estatal e autonómico.

Os suxeitos aos que vai dirixido este Plan Estratéxico son o conxunto de nenos, nenas e adolescentes menores de 18 anos, de acordo co previsto no artigo 12 da Constitución española e o artigo 1 da Convención sobre os Dereitos do Neno, no que se entende por neno todo ser humano menor de dezoito anos de idade, salvo que, en virtude da lei que lle sexa aplicable, atinxa antes a maioría de idade.

A finalidade do presente Plan é promover desde os poderes públicos, coa colaboración das familias, os propios nenos e nenas e todos os axentes e institucións implicados, o benestar da infancia e un ambiente social favorable e seguro para satisfacer as súas necesidades e conseguir o pleno desenvolvemento das súas capacidades como suxeitos activos dos seus dereitos, fundamentalmente a través do desenvolvemento de políticas e actuacións integrais e transversais.

Para conseguir estes obxectivos cómpre recapitular sobre a necesidade e beneficios do investimento social na infancia. O investimento social en infancia é, precisamente, aquela que presenta maiores efectos positivos estendidos ao conxunto da sociedade. Ten efectos significativos sobre o desenvolvemento económico e social dun país e é tamén unha ferramenta estratéxica para romper o círculo vicioso da pobreza e reducir as desigualdades.

Ademais, con este Plan, preténdese que en si mesmo constitúa unha oportunidade de mellora na promoción e defensa dos dereitos da infancia. Por este motivo, tal e como se menciona na Fundamentación, tivemos moi presentes cantas Observacións e Recomendacións realizou o Comité dos Dereitos do Neno ao II Informe de España sobre a aplicación da Convención.

De acordo co anterior, o Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia promove o desenvolvemento de medidas dirixidas á superación das dificultades



que se relacionan a continuación, tomando en consideración, entre outras, as seguintes recomendacións formuladas polo Comité dos Dereitos do Neno:

1. Avanzar na promulgación dunha lexislación relativa á infancia que incida na garantía real do exercicio dos dereitos e revise as distintas idades mínimas existentes en materia civil.
2. Adoptar políticas intersectoriais para a infancia e mellorar a coordinación a fin de garantir unha acción integrada a nivel nacional e autonómico. Concretar esa acción integrada a través dunha política global para a infancia.
3. Velar por que os procedementos de protección da infancia das distintas Comunidades Autónomas se baseen nunhas normas mínimas comúns e sexan compatibles co interese superior do menor, garantindo a igualdade de acceso ao mesmo nivel de servizos, independentemente do lugar en que vivan.
4. Perfeccionar o mecanismo de recompilación e análise de datos, desagregados sistematicamente sobre a poboación menor de 18 anos en todas as esferas que abrangue a Convención, prestando especial atención aos grupos máis vulnerables.
5. Difundir a Convención, os Informes de España sobre a súa aplicación e as observacións e recomendacións do Comité de Dereitos do Neno a nenos, nenas e adolescentes, opinión pública e grupos de profesionais.
6. Incorporar plenamente os principios da Convención na lexislación, nas políticas e na planificación relativa á infancia a nivel estatal, autonómico e local.
7. Prestar unha especial atención aos menores de etnia xitana, os fillos de traballadores migrantes, en particular cando a súa situación de permanencia non se axusta á legalidade, e os nenos estranxeiros non acompañados, para garantir que acceden e se integran en condicións de igualdade nos servizos axeitados de saúde e educación.
8. Profundar no coñecemento da realidade do maltrato infantil e desenvolver e implantar instrumentos de detección, notificación e intervención baseados nuns mínimos comúns para o conxunto de entidades con competencias na materia. Dedicar unha especial atención ao traballo infantil, abuso sexual e prostitución infantil.
9. Desenvolver accións dirixidas a superar as circunstancias que inciden de forma especialmente negativa na saúde da poboación adolescente.
10. Promover o desenvolvemento das actuacións necesarias para que a Lei Orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores, sexa aplicada de forma eficaz e mantendo o seu carácter educativo.



Principios básicos

O presente Plan Estratéxico susténtase nos seguintes principios normativos da Convención dos Dereitos do Neno:

1. O principio do **interese superior do neno/a**, o cal se refire a que, en todas as medidas concernentes aos nenos que tomen as institucións públicas ou privadas de benestar social, os tribunais, as autoridades administrativas ou os órganos lexislativos, realizarase unha consideración primordial a que se atenderá o interese superior do neno. Iso supón o compromiso de asegurar ao neno a protección e o coidado que sexan necesarios para o seu benestar, tendo en conta os dereitos e deberes dos seus pais, titores ou outras persoas responsables del perante a lei e, con ese fin, tomarán todas as medidas lexislativas e administrativas axeitadas.

2. O principio de non **discriminación**, en virtude do cal todos os dereitos deben ser aplicados a todos os nenos, nenas e adolescentes sen ningunha distinción da raza, a cor, o sexo, o idioma, a relixión, a opinión política ou doutra índole, a orixe nacional, étnica ou social, a posición económica, a discapacidade, o nacemento ou calquera outra condición do neno, dos seus pais ou dos seus representantes legais.
 - a. Promover a **igualdade social**, establecendo mecanismos preventivos perante situacións de risco de desprotección, e que os nenos e nenas sexan protexidos de toda forma de abuso, abandono, malos tratos, tortura, explotación sexual, laboral, non participación en guerras... ou en calquera outro conflito social. Dáse unha importancia explícita aos aspectos relativos á igualdade de oportunidades e á **inclusión social**.
 - b. Non podemos esquecer a importancia de manter un **enfoque de xénero**. No traballo coa infancia e as súas familias debe perseguirse unha participación equitativa na toma de decisións das nenas e os nenos, e non se deben asignar roles estereotipados. Cómpre educar desde un modelo de educación non sexista que teña en conta as súas necesidades e o seu futuro papel na nosa sociedade, respectando as necesidades diferenciais que poidan existir.

3. Garantir o dereito fundamental do neno e a nena á **vida e ao desenvolvemento pleno** de todas as súas potencialidades, asegurando ter acceso á alimentación, a saúde, a educación, a vivenda e, en definitiva, para desenvolverse nun ambiente de vida digno desde unha concepción



holística, garantindo os recursos e apoios necesarios, así como a eliminación de barreiras de todo tipo.

O proceso integral de socialización dos nenos ten lugar no seo de interaccións recíprocas que efectúa co contorno. É dicir, o neno e a nena nacen nunha sociedade, constituída por múltiples modelos de familias, onde as políticas de emprego, vivenda, igualdade de oportunidades, recursos educativos, sanitarios, sociais, etc., van ser oportunidades que posibiliten a súa protección, segundo a estabilidade e garantía de que gocen.

4. O principio de **participación** suscita que todos os nenos e nenas teñen dereito a asumir un papel activo e protagonista no seu contorno e, a medida que se desenvolven as súas capacidades, que estean en condicións de formarse un xuízo propio e expresar a súa opinión libremente en todos aqueles asuntos que os afectan, téndose debidamente en conta as súas opinións en función da idade e madurez, así como ofrecerlles oportunidades de participación na sociedade. Esta participación debe facerse patente tanto na familia, municipio, órganos de representación académica, asociacións, etc., como na elaboración e formulación de propostas para este Plan Estratégico.

Metodoloxía de elaboración do Plan Estratégico

O Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais asumiu a elaboración deste Plan no marco do Observatorio de Infancia, dado que o mesmo garante a participación de todas as Institucións públicas e privadas que realizan actividades dirixidas á promoción e defensa dos Dereitos da Infancia, sendo este un instrumento idóneo para o seu deseño, elaboración, seguimento e avaliación.

Na súa elaboración, por un grupo de traballo "ad hoc", e a partir do estudo sobre as "bases para a elaboración dunha estratexia integral de infancia e adolescencia", participaron técnicos dos distintos Ministerios implicados, das Comunidades Autónomas, da Federación Española de Municipios e Provincias, de ONG, expertos universitarios e outros axentes sociais:

- En primeiro lugar e como coordinadora deste Plan Estratégico, a **Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e discapacidade**. Tamén se consultaron outros centros directivos do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais como



Instituto da Xuventude, Instituto da Muller e Real Patronato de Atención a Persoas con Discapacidade.

- Con relación ás Institucións da Administración Xeral do Estado, contouse coa colaboración de: Ministerio de Educación e Ciencia, Ministerio de Sanidade e Consumo e Instituto Nacional de Estadística. Ademais, abriuse á consulta e participación do resto de Departamentos Ministeriais.
- Por parte das Comunidades Autónomas participaron os Departamentos que teñen encomendada a tarefa de Protección de Menores, que son o referente para todos aqueles Departamentos das Administracións Autonómicas que desenvolven actividades relacionadas cos Dereitos da Infancia.
- Ademais, a imprescindible implicación das Administracións Locais, por seren as máis próximas aos nenos, nenas e adolescentes, logrouse a través da participación da Federación Española de Municipios e Provincias.
- A importancia que historicamente vén desempeñando o terceiro sector no benestar da infancia, así como na detección, atención e na resolución dos problemas que se presentan, tivo unha ampla representación neste proxecto a través da Plataforma de Organizacións de Infancia, entidade na que están integradas 37 Asociacións de Infancia. Así mesmo, tamén participaron Cruz Vermella Española, FAPMI, Aldeas Infantís SOS e o Comité Español de UNICEF, ademais do Consello da Xuventude de España.

Un punto esencial para o éxito dos Plans Nacionais de Acción e do que esta Estratexia Nacional non se pode subtraer é a necesaria implicación dos nenos, nenas e adolescentes tanto no deseño e elaboración, como no posterior seguimento da mesma.

A este respecto, para a elaboración deste Plan contouse coa participación de escolares preadolescentes, a través de enquisas, talleres e grupos de discusión. Este traballo tamén se nutriu das achegas realizadas nos foros e conferencias que se organizaron conxuntamente entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Plataforma de Organizacións de Infancia, que reforzaron as vías de colaboración e a participación infantil.

Ademais da participación dos membros integrados no Observatorio de Infancia, foron consultadas e contribuíron ao deseño e elaboración deste Plan todas aquelas institucións e organizacións cuxo papel se considerou



importante para a realización das medidas establecidas no Plan en favor da infancia (Rede Local a favor da Infancia, Colexios Profesionais, Defensorías ou Adxuntos/as dos Dereitos do Neno, expertos universitarios e outros Observatorios de Infancia de carácter local e autonómico.

En canto ao necesario seguimento e avaliación do Plan, especifícase con maior extensión no apartado VII.

V.- TIPOLOXÍA DAS ACTUACIÓNS.

Un Plan Estratéxico que adopta a perspectiva da solidariedade, a cooperación e a colaboración entre Administracións Públicas e demais axentes sociais para promover un equilibrio territorial que garanta o acceso das persoas aos servizos públicos en condicións de igualdade, con independencia de cal sexa o seu lugar de residencia, débese desenvolver a través dos seguintes tipos de actuacións:

- Accións dirixidas a recoller e analizar información procedente de distintas fontes co obxectivo de coñecer o estado da calidade de vida e os cambios que acontecen na poboación infantil do noso país.
- Accións que consistan na mellora dos actuais sistemas de información e indicadores relacionados coa infancia, así como avaliar o impacto das políticas sociais que afectan a infancia.
- Accións que teñan como finalidade o intercambio e a recolla de información sobre medidas e actividades que poñan en marcha as distintas Administracións Públicas en materia de infancia.
- Accións mediante as que se promova a constitución de foros de intercambio e comunicación entre os organismos públicos e a sociedade.
- Accións tendentes a realizar o seguimento do tratamento da infancia nos medios de comunicación.
- Accións que teñan por obxecto formular recomendacións técnicas con relación ás políticas públicas dirixidas a garantir os dereitos da infancia.
- Accións que promovan o desenvolvemento de investigacións, estudos e informes técnicos co obxectivo de profundar no coñecemento da infancia, con especial incidencia na mellora da calidade na atención aos colectivos máis desfavorecidos.



- Accións que teñan a finalidade de divulgar a todos o coñecemento adquirido a través das investigacións propias e alleas mediante a súa publicación e difusión, ao entender que isto é imprescindible para realizar unha intervención baseada no coñecemento científico da realidade sobre a que pretendemos actuar.
- Accións dirixidas a promover a sensibilización social sobre as necesidades e os dereitos da infancia mediante a difusión de información.
- Accións que promovan a formación, a reciclaxe, o encontro e o intercambio de coñecementos e experiencias entre os diferentes profesionais que teñen como responsabilidade o benestar infantil.

Os contidos de todas as accións descritas máis arriba poden ser cualificados como *obxectivos de interese común* para o conxunto das diferentes Administracións Públicas e entidades de iniciativa social que interveñen no ámbito da promoción e defensa dos Dereitos da Infancia.



VI. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

En función do marco anterior, os obxectivos estratéxicos concréntanse nos seguintes:

1. Establecer un sistema permanente e compartido de información co obxectivo de mellorar o coñecemento da situación da infancia en España.
2. Mellorar as políticas de infancia a través da coordinación e a cooperación entre as Administracións Públicas e demais organismos e axentes implicados de ámbito nacional, e da cooperación internacional.
3. Avanzar na promoción de políticas de apoio ás familias no exercicio das súas responsabilidades de crianza, coidado e promoción do desenvolvemento persoal e potenciais capacidades dos nenos e nenas, e facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.
4. Fomentar a sensibilización social sobre os dereitos, necesidades e intereses da infancia e a adolescencia mobilizando todos os axentes implicados nos diferentes escenarios de socialización e redes sociais comunitarias.
5. Impulsar os dereitos e protección da infancia nos medios de comunicación e as novas tecnoloxías.
6. Potenciar a atención e intervención social á infancia e adolescencia en situación de risco, desprotección ou discapacidade e/ou en situación de exclusión social, establecendo criterios compartidos de calidade e mellores prácticas susceptibles de avaliación.



7. Intensificar as actuacións nos colectivos de infancia e adolescencia establecendo mecanismos preventivos e de rehabilitación perante situacións de conflito social.
8. Garantir unha educación de calidade para todos que, caracterizada pola formación en valores, a atención á diversidade e o avance na igualdade desde unha perspectiva de xénero, potencie a interculturalidade, o respecto ás minorías, compense desigualdades e asegure, mediante unha atención continuada, o máximo desenvolvemento das potencialidades desde os primeiros anos de vida ata a adolescencia.
9. Fomentar o desenvolvemento de intervencións de prevención, promoción e protección da saúde dirixidas á infancia e adolescencia, de prevención de accidentes e outras causas xeradoras de discapacidade, incluíndo aspectos de educación afectivo-sexual e educación para o consumo responsable e prestando unha atención especial ao diagnóstico e tratamento das deficiencias e á saúde mental da infancia e adolescencia.
10. Favorecer un contorno físico, medioambiental, social, cultural e político que permita o desenvolvemento axeitado das capacidades dos nenos, nenas e adolescentes, favorecendo o dereito ao xogo, lecer e tempo libre, creando espazos apropiados, próximos e seguros, promovendo un consumo responsable, tanto nas zonas urbanas como nas rurais.
11. Garantir o exercicio da participación efectiva dos nenos, nenas e adolescentes, como cidadáns de pleno dereito, co obxectivo de favorecer a súa integración social e a súa participación nos procesos de decisión de tanta materia os/as afecte.

GLOSARIO DE SIGLAS



MTAS	Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais
DGFI	Dirección Xeral de Familias e a Infancia
DGIS	Dirección Xeral de Inclusión Social
DGCPSD	Dirección Xeral de Coordinación de Políticas Sectoriais sobre a Discapacidade
DGII	Dirección Xeral de Integración dos Inmigrantes
AECI	Axencia Española de Cooperación Internacional
MAEX	Ministerio de Asuntos Exteriores
MEC	Ministerio de Educación e Ciencia
FEMP	Federación Española de Municipios e provincias
INE	Instituto Nacional de Estadística
CIS	Centro de Investigacións Sociolóxicas
CC.LL.	Corporacións Locais
CC.AA.	Comunidades Autónomas
CGPJ	Consello Xeral do Poder Xudicial
AMPAS	Asociacións de Pais e Nais de alumnos
ACNUR	Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados
ONG	Organización Non Governamental
POI	Plataforma de Organizacións de Infancia



Obxectivo estratéxico 1.

Establecer un sistema permanente e compartido de información co obxectivo de mellorar o coñecemento da situación da infancia en España.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORA
1.1 Establecer liñas de explotación estatística que contemplen a franxa de idade 0 – 18 e desagregados por sexo idade e hábitat, se a metodoloxía o permite, sobre aspectos que afectan a infancia.	INE	MTAS, CIS, INJUVE, CSIC e outros
1.2 Potenciar o Boletín Estatístico de Medidas de Protección á Infancia, co obxectivo de ter unha mellor descrición da protección á infancia en España. Promoveranse explotacións prestando atención especial aos grupos máis vulnerables (estranxeiros, maltratados, nenos ou adolescentes con discapacidade, etc.).	MTAS	CC.AA.
1.3 Potenciar o Boletín Estatístico de Medidas Impostas a Menores Infractores.	MTAS	CC.AA. Fiscalía Xeral do Estado
1.4 Elaborar de forma periódica publicacións e estudos sobre a situación social da infancia en España, tendo en consideración as necesidades de información requiridas polo Comité dos Dereitos do Neno.	MTAS	CC.AA. INE UNICEF Teléfonos do Neno e Adolescente Defensorías
1.5 Potenciar o Observatorio da Infancia, como sistema compartido de información entre todos os axentes sociais do territorio nacional no ámbito de infancia.	MTAS	CC.AA. ONG Ministerios
1.6 Poñer en marcha, de forma periódica, boletíns ou publicacións sobre a situación da infancia en España ou Infancia en cifras.	MTAS	INE Teléfonos do Neno e Adolescente
1.7 Promover a creación de Observatorios da Infancia nas Comunidades Autónomas e Corporacións Locais co obxectivo de constituír un sistema de comunicación e información coordinado e homoxéneo sobre as políticas de infancia das Administracións Públicas.	CC.AA.	FEMP Universidades Colexios profesionais
1.8 Determinar, coa maior aproximación posible, a contía e a proporción do orzamento que se destina aos nenos a nivel nacional, rexional e local a fin de avaliar a repercusión e os efectos do gasto en favor da infancia.	Departamentos da AGE CC.AA.	ONG CC.LL.
1.9 Posta en marcha dun sistema permanente de información sobre a cantidade e as características dos servizos que atenden menores de 3 anos durante a xornada laboral dos seus pais, que permita coñecer a evolución do sector.	CC.AA. MEC	MTAS
1.10 Potenciar a incorporación de académicos e investigadores universitarios ás actividades de estudo, formación e sensibilización que o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais promova en torno á Infancia.	MTAS	Colexios profesionais Universidade
1.11 Favorecer actuacións de coñecemento e intercambio de información da situación internacional da infancia, con especial atención aos países do noso contorno e América Latina.	MTAS	Universidade Colexios profesionais OIT, OEA, IIN



Obxectivo estratéxico 2

Mellorar as políticas de infancia a través da coordinación e a cooperación entre as Administracións Públicas e demais organismos e axentes implicados de ámbito nacional, e da cooperación internacional.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORA
2.1 Impulsar o proceso de elaboración de plans integrais de infancia na totalidade das Comunidades Autónomas, así como a avaliación dos que xa están operativos.	CC.AA.	Observatorio da Infancia
2.2 Impulsar a elaboración de plans locais de infancia e adolescencia.	CC.LL.	Rede Local de Infancia ONG FEMP MTAS CC.AA.
2.3 Promover actuacións de cooperación, divulgación e intercambio de boas prácticas sobre os dereitos da infancia e a súa aplicación en políticas sociais no ámbito internacional.	Ministerio de Asuntos Exteriores	CC.AA. MTAS ONG
2.4 Promover actuacións de cooperación internacional, que incorporen de forma transversal os principios da Convención dos Dereitos do Neno, dirixida aos servizos de protección á infancia nos países de orixe dos menores.	Ministerio de Asuntos Exteriores (AECI) Secretaría Estado para a Inmigración (DGII)	MTAS (DGFI) Fiscalía
2.5 Promover actuacións de cooperación internacional baseada nos principios da Convención dos Dereitos do Neno, o Convenio da Haia de adopción Internacional e fomentar programas de cooperación ao desenvolvemento nos países de orixe.	Ministerio de Asuntos Exteriores	MTAS (DGFI) Secretaría Estado para a Inmigración
2.6 Establecer protocolos de actuación consensuados coas Comunidades Autónomas co obxectivo de garantir unha atención de calidade nos servizos de información, preparación para a adopción internacional, tramitación dos expedientes de solicitude de adopción internacional e servizos postadopción.	MTAS (DGFI)	CC.AA. Entidades Colaboradores de Adopción Internacional
2.7 Impulsar protocolos de actuación sobre temáticas concretas de protección á infancia, en cooperación cos axentes implicados a nivel nacional.	MTAS	CC.AA. ONGs Teléfonos do Neno e Adolescente
2.8 Desenvolver canles estables de cooperación efectiva entre as autoridades competentes en materia de responsabilidade parental e protección de menores (administracións públicas, xuíces e fiscais) coa finalidade de mellorar a eficacia na solución de asuntos nos que resulte aplicable o dereito comunitario e o dereito internacional privado sobre a materia.	Mº Xustiza	CC.AA. MTAS
2.9 Favorecer a coordinación interministerial en materia de adopción internacional (Ministerios de Asuntos Exteriores, Xustiza, Interior e Traballo e Asuntos Sociais) que funciona desde o comezo do sistema de tramitación dos expedientes de	MTAS MAEX	Mº Interior Mº Xustiza



solicitude de adopción internacional, dun xeito informal.		
2.10 Promover a creación de recursos de mediación nos procedementos de busca de orixes nas Comunidades Autónomas, co fin de garantir o Dereito que á indagación dos mesmos reconece a normativa española.	CC.AA.	MTAS ONG
2.11 Impulsar un sistema de información entre países sobre procedementos e intercambio de experiencias de adopción internacional.	MTAS	CC.AA. SSI
2.12 Impulsar medidas para a adopción de menores con necesidades especiais.	CC.AA.	MTAS
2.13 Implantación e desenvolvemento do Consello Consultivo de Adopción Internacional, creado por Real Decreto 521/2005 de 13 de maio BOE de 8 xuño 2005, co obxecto de conseguir unha maior participación e colaboración de todos os sectores implicados na adopción internacional.	MTAS	CC.AA., ECAIS, Asoc. pais adoptantes
2.14 Promover a ratificación do Convenio da Haia de 19 de outubro de 1996, relativo á competencia, lei aplicable, recoñecemento, execución e cooperación en materia de responsabilidade parental e medidas para a protección dos menores.	Mº Xustiza	
2.15 Analizar as posibles melloras e o desenvolvemento da Lei Orgánica 1/96, co fin de adecuala ás novas necesidades que xurdiron na súa aplicación polas Comunidades Autónomas.	MTAS Mº Xustiza	CC.AA. ONG
2.16 Participar en actividades de cooperación internacional técnica bilateral con países que puidesen demandar asistencia técnica sobre temas de infancia.	MTAS (DGFI) AECI	MTAS (Consellerías laborais)
2.17 Participar en actividades internacionais inseridas en programas especializados de infancia, multi ou bilaterais.	MAEX	MTAS



Obxectivo estratéxico 3.

Avanzar na promoción de políticas de apoio ás familias no exercicio das súas responsabilidades de crianza, coidado e promoción do desenvolvemento persoal e potenciais capacidades dos nenos e nenas, e facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORA
3.1 Promover estudos sobre as distintas necesidades das familias do século XXI, tanto a nivel nacional como europeo, prestando especial atención aos servizos de mediación familiar, puntos de encontro e conciliación da vida familiar e laboral.	MTAS	CC.AA. Universidade Colexios profesionais Outros axentes
3.2 Favorecer o intercambio de boas prácticas na intervención social coas familias en España para definir uns principios básicos de actuación consensuados polo conxunto de entidades públicas e privadas implicadas.	MTAS (DGFI) CC.AA.	ONG
3.3 Favorecer a conciliación entre a vida familiar e laboral a través de: <ul style="list-style-type: none"> - Aumentar e mellorar a oferta de servizos de calidade a menores de 3 anos. - Fomentar a participación de axentes sociais no impulso da conciliación entre vida laboral, familiar e persoal. - Favorecer o intercambio de boas prácticas en materia de conciliación. - Impulsar o desenvolvemento de medidas legislativas e sociais en materia de horarios laborais dos proxenitores e permisos e licenzas por coidado de fillos. 	MTAS CC.AA.	ONG Axentes sociais
3.4 Favorecer o desenvolvemento de programas de apoio ás familias en situacións especiais, incluíndo aquelas nas que haxa nenos con discapacidade.	MTAS (DGFI- DGCPSD) CC.AA. Real Patronato	ONG
3.5 Impulsar medidas de apoio psicosocial dirixidas aos nenos e adolescentes pertencentes a familias en situación de risco, de especial vulnerabilidade social ou con pais/titores con discapacidade.	MTAS (DGFI) CC.AA. Real Patronato	
3.6 Avanzar no establecemento de criterios de calidade no desenvolvemento dos servizos de orientación, mediación familiar e puntos de encontro.	MTAS (DGFI) CC.AA.	CC.LL.
3.7 Impulsar a participación das familias con menores de idade a través do movemento asociativo, co obxectivo de promover os dereitos da infancia.	MTAS CC.AA.	ONG
3.8 Realizar campañas e accións encamiñadas a dar a coñecer a Convención dos Dereitos do Neno entre as familias.	MTAS CC.AA. CC.LL.	ONG
3.9 Colaborar no impulso e desenvolvemento dos programas xestionados por ONGs para: <ul style="list-style-type: none"> - Apoiar familias nas que convivan persoas en situación de dependencia - Facilitar a compatibilidade entre vida familiar e laboral 	MTAS CC.AA.	ONG CC.LL.



<ul style="list-style-type: none">- Intervir en familias que se atopan en situación de especial dificultade- Programas de orientación e/ou mediación familiar- Programas de apoio a familias acolledoras- Puntos de Encontro Familiar- Apoio a familias con nenos con discapacidade		
3.10 Promover accións de sensibilización á familia para a mellora das pautas de crianza dos nenos/as e adolescentes.	MTAS CC.AA. CC.LL.	ONG
3.11 Favorecer o establecemento de puntos de encontro familiar e o desenvolvemento de boas prácticas, así como a formación dos seus profesionais.	MTAS CC.AA.	Colexios profesionais Universidades
3.12 Constituír o Consello Estatal de Políticas de Familias como canle de participación e colaboración entre as Administracións Públicas e a sociedade civil.	MTAS	CC.AA. ONG
3.13 Impulsar, en colaboración cos centros docentes e o ámbito sanitario, un sistema de detección precoz de situacións de violencia de xénero no ambiente familiar das nenas e os nenos.	MTAS (Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller)	Mº Sanidade e Consumo. Mº Educación e Ciencia. CC.AA. Outros Axentes



Obxectivo estratéxico 4.

Fomentar a sensibilización social sobre os dereitos, necesidades e intereses da infancia e a adolescencia mobilizando todos os axentes implicados nos diferentes escenarios de socialización e redes sociais comunitarias.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORA
4.1 Incluir ítems e cuestións relativas ás actitudes e percepción social dos dereitos da infancia e a adolescencia nos barómetros, enquisas do CIS e outras enquisas de opinión.	CIS	MTAS
4.2 Impulsar accións de sensibilización sobre os dereitos da infancia e a adolescencia, dirixidas á poboación en xeral, e aos distintos colectivos profesionais (policía, avogados, xuíces, etc.) que traballan con nenos, nenas e adolescentes.	MTAS (DGFI)	CC.AA. ONG Teléfonos do Neno e Adolescente Instituto da Muller
4.3 Incorporar os conceptos relacionados coa Convención de Dereitos da Infancia nos currículos de formación inicial das carreiras máis directamente relacionadas cos diferentes ámbitos do benestar infantil.	MEC	Universidades Colexios profesionais CC.AA.
4.4 Desenvolver accións que permitan facer chegar o texto da Convención sobre os Dereitos da Infancia a todos os colexios, favorecendo versións adaptadas aos nenos e nenas e en todas as linguas do Estado.	MEC CC.AA. CC.LL.	MTAS ONG
4.5 Conmemorar o Día Universal da Infancia impulsando accións que promovan a participación infantil.	MTAS CC.AA. CC.LL.	ONG
4.6 Difundir o Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia, incluíndo unha versión adaptada para os nenos e as nenas e traducido ás distintas linguas do Estado.	MTAS CC.AA.	ONG FEMP
4.7 Difundir os informes que realice España con relación á aplicación da Convención, así como as observacións e recomendacións que formula aos mesmos o Comité dos Dereitos do Neno.	MTAS (DGFI) Observatorio da Infancia	CC.AA. Unicef
4.8 Potenciar a creación de páxinas web sobre os dereitos, necesidades e intereses de infancia dirixidas a profesionais, pais e ao público infantil sobre esta temática.	MTAS CC.AA. Observatorio da Infancia	ONG
4.9 Levar a cabo campañas de sensibilización que promovan modelos educativos na familia alternativos á violencia e os castigos corporais, co obxectivo de fomentar un cambio de actitudes con relación a este tema.	CC.AA. MTAS	CC.LL. ONG Instituto da Muller
4.10 Potenciar campañas de sensibilización sobre dereitos, necesidades ou hábitos saudables, dirixidas á poboación menor de 18 anos.	CC.AA. MTAS	CC.LL. ONG
4.11 Promover accións de sensibilización sobre os dereitos da infancia, en base a accións de carácter cultural, tendo en conta a diversidade étnica, lingüística e social dos nenos, nenas e adolescentes.	Mº CULTURA	CC.AA. CC.LL.
4.12 Favorecer o coñecemento e difusión dos dereitos e necesidades da	MTAS (CEDISS)	ONG (UNICEF, Save the



infancia e adolescencia mediante a constitución de centros documentais de referencia a nivel nacional.		Save the Children...)
4.13 Difundir o Segundo Plan de Acción contra a explotación sexual da infancia e adolescencia, favorecendo a súa tradución ás distintas linguas do Estado.	Observatorio da Infancia	
4.14 Desenvolver accións de sensibilización contra os abusos sexuais, a prostitución, a explotación sexual comercial nas viaxes e a pornografía infantil.	MTAS Mº INTERIOR Sec. Xeral de Turismo	CC.AA. ONG OMT Sector Empresarial
4.15 Impulsar accións de defensa e promoción da igualdade entre os nenos e nenas, con especial atención aos discapacitados.	MTAS (DGCPSD) Real Patronato	
4.16 Fomentar accións con ONGs para o desenvolvemento de programas dirixidos á prevención da pobreza e exclusión social infantil.	MTAS (DGIS)	CC.AA. ONG



Obxectivo estratéxico 5

Impulsar os dereitos e protección da infancia nos medios de comunicación e as novas tecnoloxías.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORA
5.1 Impulsar accións dirixidas ao sector audiovisual e dos medios de comunicación (publicidade, videoxogos, prensa, cine, móbiles, Internet) para a promoción e defensa dos dereitos da infancia, prestando especial atención ao sexismo e outras manifestacións da violencia.	Sec. Est. Telecom. (Industria) Sec. Est. Comunicación (Presidencia)	Observatorio da Infancia Instituto da Muller
5.2 Fomentar unha visión crítica, construtiva e participativa da televisión na familia, escola, e en toda a sociedade, a través da colaboración entre administracións públicas de infancia, organizacións sociais e o sector audiovisual.	MEC CC.AA.	MTAS ONG Sector Audiovisual
5.3 Reforzar os mecanismos de control sobre os contidos de programación de televisión nas franxas horarias con maior audiencia infantil, así como o control parental mediante a información adecuada e homoxénea dos programas de televisión.	Mº de Industria (Sec. Est. Telecom.)	Observatorio da Infancia POI Sec. Est. Comunicación
5.4 Fomentar accións en colaboración co sector audiovisual para que se desenvolvan programacións dirixidas a educar en valores.	Sec. Est. Telecom. (Industria) Sec. Est. Comunicación (Presidencia)	ONG (POI) MEC (CENICE e Consello Superior de Deportes) Mº Sanidade (INC) CC.AA. Instituto da Muller
5.5 Convocar, no marco do Día Internacional do Neno, certames de prensa, radio, televisión e páxinas web que teñan por obxecto premiar os artigos, reportaxes e campañas que destaquen pola promoción dos dereitos da infancia e pola divulgación dunha visión positiva desta.	CC.AA. Corporacións Locais	ONG MTAS
5.6 Fomentar accións para facilitar o acceso responsable e xeneralizado a Internet a todos os nenos, nenas, mozos e mozas, así como con accións de sensibilización e formación dirixidas a país e implicando o sector educativo a través da formación do profesorado.	Mº Industria (Sec. de Estado de tecnoloxía e para a sociedade da información)	Universidade MEC MTAS CC.AA.
5.7 Realizar estudos sobre infancia e adolescencia con relación aos medios de comunicación e as novas tecnoloxías.	MTAS (DGFI E INJUVE) Sec. Est. de Comunicación (Presidencia)	ONGs Colexios profesionais CC.AA.
5.8 Mellorar os niveis de seguridade da Rede mediante a potenciación de sistemas de filtrado, códigos de autorregulación do sector e liñas de denuncia.	Mº Interior (Secret. Estado para a Seguridade) Mº Industria (Sec. de Estado de tecnoloxía e para a sociedade da información)	ONG



5.9 Potenciar o desenvolvemento das medidas de denuncia e control recollidas no Segundo Plan de Acción contra a Explotación Sexual da Infancia e a Adolescencia, no referido a medios de comunicación e novas tecnoloxías.	M ^o Industria (Sec. de Estado de tecnoloxía e para a sociedade da información) M ^o Interior (Sec. de Estado de Seguridade)	ONG Observatorio da Infancia
5.10 Impulsar encontros entre profesionais dos medios e expertos en comunicación e infancia, a través da celebración de seminarios e mesas de traballo, para o intercambio de experiencias e a análise dos espazos dedicados á infancia, así como da imaxe social que os medios proxectan dela.	Sector Audiovisual	ONG Observatorio da Infancia
5.11 Fomentar a creación de páxinas infantís e xuvenís accesibles aos menores con discapacidade.	Real Patronato	ONG
5.12 Favorecer a accesibilidade aos medios de comunicación audiovisuais a nenos con discapacidade.	Real Patronato	ONG



Obxectivo estratéxico 6.

Potenciar a atención e intervención social á infancia e adolescencia en situación de risco, desprotección ou discapacidade e/ou en situación de exclusión social, establecendo criterios compartidos de calidade e mellores prácticas susceptibles de avaliación.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORA
6.1 Revisar a lexislación vixente co obxectivo de integrar os principios xerais da Convención, en particular os artigos 2, 3, 6 e 12, e outros compromisos internacionais, en todas as leis pertinentes aos nenos/as.	Mº Xustiza	Expertos universitarios ONG MTAS Defensorías
6.2 Revisar as distintas idades nas que o ordenamento outorga transcendencia xurídica a determinados actos executados polos menores de idade e analizar se existe a necesaria adecuación aos principios da Convención.	Mº Xustiza	MTAS CC.AA.
6.3 Fomentar a investigación para a prevención do risco e da desprotección na infancia e adolescencia en España. 6.3.1. Fomentar liñas de investigación sobre a violencia no fogar contra os nenos, os malos tratos e os abusos sexuais e calquera outra forma de violencia nas relacións paterno-filiais, reflectindo a realidade destes fenómenos en todo o territorio. 6.3.2. Analizar os datos de maltrato infantil nas súas distintas tipoloxías, a partir da análise de expedientes de protección. 6.3.3. Promover estudos acerca do impacto psicolóxico da violencia de xénero no ambiente familiar en nenas, nenos e adolescentes, así como analizar os recursos destinados a este sector. 6.3.4. Realizar estudos sobre a Violencia de xénero nas parellas adolescentes. 6.3.5. Realizar estudos de ámbito estatal a fin de valorar a posible incidencia do traballo infantil en España. 6.3.6. Impulsar liñas de investigación sobre pobreza infantil en España e en concreto sobre a súa persistencia e transmisión interxeracional.	MTAS. (DGF1, DGIS, INJUVE) CC.AA. Delegación E. Goberno contra a Violencia s/ Muller Delegación E. Goberno contra a Violencia s/ Muller	Universidades Colexios profesionais ONG CC.LL. Axentes Sociais
6.4 Impulsar e consolidar a implantación de sistemas de xestión de calidade nos servizos especializados de protección de menores.	MTAS CC.AA.	ONG
6.5 Impulsar accións de prevención, detección, atención e tratamento da infancia maltratada: 6.5.1 Favorecer o desenvolvemento de programas	MTAS CC.AA.	ONG Real Patronato Colexios profesionais Teléfonos do Neno e



<p>experimentais para a prevención e atención do maltrato e a explotación infantil.</p> <p>6.5.2 Colaborar no impulso e desenvolvemento de programas de rehabilitación da infancia maltratada.</p> <p>6.5.3 Realización de campañas de sensibilización para fomentar a colaboración cidadá na detección e intervención do maltrato e reforzar o asesoramento e formación dos profesionais de detección.</p> <p>6.5.4 Desenvolver en todo o territorio nacional un sistema unificado de rexistro de casos, detección e notificación de maltrato infantil.</p> <p>6.5.5 Incorporar ao Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) un módulo de intervención en casos de maltrato infantil.</p> <p>6.5.6 Impulsar a organización de Xornadas para difundir os proxectos máis innovadores e efectivos na prevención e atención do maltrato infantil, con especial atención á situación dos nenos discapacitados.</p>		Adolescente
<p>6.6 Executar as medidas previstas no II Plan de Acción contra o abuso e a explotación sexual da Infancia e adolescencia e a avaliación do mesmo.</p>	MTAS (Observatorio da Infancia)	Mº do Interior Sec. Xral. de Turismo Mº de Xustiza Sec. Est. Telecomunicacións ONG Fiscalía
<p>6.7 Elaborar protocolos que definan criterios de calidade, avaliación, seguimento e boas prácticas na intervención social coa infancia, aplicable aos servizos de acollemento familiar, acollemento residencial, adopción, así como aos servizos de preservación do menor no seu ambiente familiar e social.</p>	MTAS CC.AA.	ONGs
<p>6.8 Potenciar as accións de formación con relación á infancia en situación de risco e as boas prácticas profesionais, utilizando para iso as metodoloxías de formación máis pertinentes e impulsando a formación a través de Internet.</p>	MTAS CC.AA.	MAP ONG FEMP
<p>6.9 Impulsar a creación e desenvolvemento de órganos específicos para a defensa do menor.</p>	CC.AA. CC.LL.	Defensorías
<p>6.10 Potenciar a figura do acollemento familiar por medio de, entre outras, as seguintes actuacións:</p> <p>6.10.1. Establecer protocolos de unificación no tratamento desta medida, especialmente en canto aos criterios de selección e formación das familias acolledoras, creación de redes de apoio e atención ás familias, tanto biolóxicas como acolledoras.</p> <p>6.10.2. Potenciar e promover o acollemento familiar de urxencia para aquelas situacións nas que, por distintas circunstancias especiais do menor, é necesario que desde un primeiro momento resida nun ámbito familiar.</p> <p>6.10.3. Revisar a lexislación para establecer prazos nos procesos xudiciais de acollemento familiar, no interese superior do menor.</p> <p>6.10.4. Potenciar o acollemento familiar profesionalizado, así como o Estatuto do Acolledor.</p>	CC.AA.	MTAS ONG
<p>6.11 Consolidar diferentes programas dirixidos á promoción da</p>	CC.AA. MTAS	ONG



autonomía persoal e proporcionarlles un contexto de convivencia e de integración sociolaboral aos mozos e mozas extutelados/as en proceso de emancipación.		
6.12 Incentivar a creación de programas e recursos para menores estranxeiros, desde unha perspectiva intercultural, con especial atención ás situacións de vulnerabilidade e aos menores non acompañados, no marco do Plan Estratéxico de Integración de Inmigrantes.	MTAS (Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración)	MTAS (DGFI) CC.AA.
6.13 Promover actuacións de prevención da migración de menores estranxeiros non acompañados en orixe.	MAEX (AECI) MTAS (DGII)	MTAS (DGFI) CC.AA.
6.14 Realizar o correspondente seguimento de aplicación do Protocolo de intervención con Menores Estranxeiros non Acompañados, formulando as propostas necesarias aos axentes implicados.	Observatorio da Infancia	CC.AA. ONG MTAS Mº Interior AECI ACNUR Fiscalía Xeral do Estado Defensorías
6.15 Impulsar medidas específicas contra a pobreza e a exclusión social da infancia no Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social.	MTAS (DGIS)	CC.AA.
6.16 Impulsar a reforma do proceso penal para potenciar os dereitos dos menores vítimas dos delitos.	Mº Xustiza	CC.AA.
6.17 Desenvolver diferentes programas para facilitar a emancipación e a incorporación dos novos discapacitados ao mundo laboral.	Real Patronato MTAS (DGCPSD)	CC.AA.
6.18 Analizar e buscar vías de harmonización na atención aos menores con trastornos de conduta.	CC.AA.	MTAS (DGFI)
6.19 Promover o impulso da lei reguladora do Fondo de Garantía de Pensións que prevé a disposición adicional única da Lei 15/2005, para que se garanta o pagamento de alimentos recoñecidos e non pagados a favor dos fillos e fillas menores de idade en convenio xudicialmente aprobado ou en resolución xudicial, concretando o sistema de cobertura nos devanditos supostos.	Mº de Xustiza	
6.20 Desenvolver un Plan Integral de atención para os menores de tres anos con graves discapacidades, para facilitar a atención temperá e rehabilitación das súas capacidades físicas, mentais e intelectuais, no seo do Consello Territorial do Sistema Nacional de Dependencia.	MTAS CC.AA.	



Obxectivo estratéxico 7.

Intensificar as actuacións nos colectivos de infancia e adolescencia establecendo mecanismos preventivos e de rehabilitación perante situacións de conflito social.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORADOR
7.1 Realización de estudos sobre a situación da infancia en conflito social na España actual, coa participación dos axentes e institucións implicados nos distintos ámbitos de actuación.	MTAS CC.AA.	Universidades Fiscalía
7.2 Impulsar a implantación dun sistema de xestión de calidade nos servizos especializados en responsabilidade penal de menores.	MTAS CC.AA.	Fiscalía ONG
7.3 Favorecer investigacións dirixidas a identificar os factores de éxito que aparecen regularmente asociados aos programas de intervención máis eficaces con menores infractores.	MTAS CC.AA.	Universidades Fiscalía Axentes Sociais
7.4 Avanzar na elaboración de criterios e requisitos de calidade, avaliación, seguimento e boas prácticas na intervención coa infancia en situación de conflito social, aplicable aos servizos especializados na execución de medidas de internamento, de medio aberto e de mediación e reparación extraxudicial.	MTAS CC.AA.	
7.5 Fixar pautas de intervención con menores infractores estranxeiros, en función da súa idade, posibilidades reais de inserción e de acceso ao mercado laboral ou á formación previa.	MTAS CC.AA.	Fiscalía Xeral do Estado S.de Estado. Inmigración
7.6 Potenciar as accións de formación con relación á infancia en situación de conflito social e as boas prácticas profesionais, utilizando para iso as metodoloxías de formación máis pertinentes e impulsando a formación a través de Internet.	MTAS CC.AA.	MAP CCLL CGPJ
7.7 Favorecer o desenvolvemento de programas de execución de medidas para menores infractores: medidas distintas ao internamento ditadas por xuíces de menores e de capacitación de profesionais das Comunidades Autónomas.	CC.AA.	MTAS
7.8 Favorecer e desenvolver programas de equipamentos residenciais para menores en situación de dificultade e/ou conflito social, e programas experimentais para a aplicación de medidas alternativas ao internamento.	MTAS	ONG
7.9 Colaborar na avaliación do Regulamento da Lei 5/2000.	Mº de Xustiza	MTAS CC.AA. Fiscalía Xeral do Estado Defensorías
7.10 Fomentar a coordinación e a mellora competencial dos profesionais, permitindo o intercambio de boas prácticas, mediante seminarios ou xornadas.	MTAS CC.AA.	CGPJ



7.11 Promover programas específicos de tratamento a menores agresores sexuais	CC.AA. MTAS	ONG Fiscalía Xeral do Estado
7.12 Promover programas de apoio a familias de menores en situación de conflito social	CC.AA. CC.LL.	ONG
7.13 Impulsar actuacións para previr e impedir a aparición de grupos violentos e/ou organizados (bandas)	Mº do Interior (Sec. de Estado de Seguridade)	Consello Superior de Deportes



Obxectivo estratéxico 8.

Garantir unha educación de calidade para todos que, caracterizada pola formación en valores, a atención á diversidade e o avance na igualdade desde unha perspectiva de xénero, potencie a interculturalidade, o respecto ás minorías, compense desigualdades e asegure, mediante unha atención continuada, o máximo desenvolvemento das potencialidades desde os primeiros anos de vida ata a adolescencia.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORA
8.1 Favorecer o intercambio de experiencias con relación ao desenvolvemento de actividades educativas e lúdicas para menores de 3 anos.	MEC	MTAS FEMP
8.2 Aumentar e mellorar a calidade da oferta de servizos dirixidos a menores de 3 anos durante a xornada laboral dos seus pais, achegando ambos parámetros ás directrices da Unión Europea (Recomendación sobre coidado de nenos e taxas de cobertura en centros públicos do 33%).	MEC Consellerías Educación de CC.AA.	FEMP CC.LL.
8.3 Apoiar o cumprimento duns requisitos mínimos de calidade para os servizos que atendan menores de 3 anos.	MEC CC.AA.	MTAS FEMP
8.4 Impulsar a gratuidade da educación infantil desde os tres anos de idade.	MEC CC.AA.	
8.5 Profundar nas medidas que permitan previr o fracaso escolar e promover o éxito escolar, por medio do apoio pedagóxico, a dotación de recursos ou a procura de novas solucións organizativas.	MEC CC.AA.	
8.6 Incluir propostas curriculares e organizativas derivadas da diversidade do alumnado, potenciando a atención específica en función do xénero, a que deben recibir os alumnos con discapacidade, a interculturalidade, o respecto ás minorías e a compensación de desigualdades.	MEC CC.AA.	MTAS Real Patronato MTAS (DGCPD e DGII)
8.7 Facilitar o acceso dos nenos e adolescentes ás linguas estranxeiras e as novas linguaxes das tecnoloxías da información e a comunicación, plenamente accesibles.	CC.AA. Mº Educación e Ciencia	Real Patronato
8.8 Potenciar o acceso a contidos educativos en liña para todos os nenos e nenas, evitando as posibles desigualdades no acceso a estas novas tecnoloxías.	MEC (Novas Tecnoloxías) Mº de industria (Red.es)	Observatorio da Infancia
8.9 Aumentar as bolsas e axudas ao estudo dando prioridade á extensión das axudas compensatorias ás familias de menor renda ou con maiores cargas familiares.	MEC	Consellerías Educación CC.AA.



<p>8.10 Favorecer a ampliación do número de alumnos que cursan a educación non obrigatoria aproximándonos ao obxectivo europeo dun 85% de mozos e mozas que complete o bacharelato ou a formación profesional.</p>	<p>MEC CC.AA. (Consellerías de Educación)</p>	
<p>8.11 Potenciar as actividades deportivas e culturais como peza clave do pleno desenvolvemento da personalidade, con inclusión de menores e adolescentes con discapacidade.</p>	<p>CC.AA. Consello Superior de Deportes</p>	<p>MEC Real Patronato</p>
<p>8.12 Establecer mecanismos de coordinación entre as Consellerías de Benestar Social e Educación das Comunidades Autónomas, para a atención específica ou de apoio a nenos/as escolarizados/as procedentes de familias e ámbitos socialmente deprimidos, ou en situación de risco, ou que están sendo obxecto de medidas de intervención familiar ou de protección.</p>	<p>CC.AA. MEC</p>	
<p>8.13 Potenciar valores cidadáns baseados na convivencia, o respecto e o bo trato, evitando as situacións de conflito escolar mediante:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Accións que impulsen a investigación, a coordinación e o intercambio de experiencias e materiais para a intervención e a mediación, así como estratexias para a resolución pacífica dos conflitos. - Complementar con intervencións específicas o desenvolvemento das materias de educación "para a cidadanía e os dereitos humanos" nos centros de primaria e secundaria, facendo especial fincapé no fomento de relacións de igualdade entre varóns e mulleres e o bo trato entre as persoas. - Apoiar iniciativas do profesorado para previr a violencia e propoñer modelos de relación baseados nos intereses e necesidades dos nenos e as nenas. 	<p>MEC CC.AA. (Consellerías de Educación)</p>	<p>ONG Observatorio da Infancia Instituto da Muller</p>
<p>8.14 Recoller e analizar experiencias de boas prácticas que se desenvolveron para garantir a asistencia continua ás escolas e a redución das taxas de absentismo e abandono dos estudos, divulgar os resultados e promover a súa aplicación.</p>	<p>MEC</p>	<p>CC.AA.</p>
<p>8.15 Fomentar programas de actividades de tempo libre, incluíndo os períodos vacacionais, baixo os criterios de seguridade, accesibilidade, equidade, calidade e corresponsabilidade entre todos os axentes educativos e sociais implicados, co fin de favorecer a participación de nenos/as e mozos/as ofrecéndolles unha oportunidade de formación integral en valores e unha aprendizaxe de participación e inclusión social.</p>	<p>MEC, Consello Superior de Deportes CC.AA. (Consellerías de Educación)</p>	
<p>8.16 Implementar programas específicos para facilitar ás mozas o acceso a profesións tradicionalmente consideradas masculinas e practicar unha pedagogía social sobre a inclusión desde a perspectiva de xénero.</p>	<p>MEC CC.AA. MTAS (Delegación Especial do Goberno contra a violencia sobre a muller)</p>	
<p>8.17 Establecer mecanismos estables de análises e estudo dos problemas de convivencia nos centros educativos: acoso escolar, matonismo, violencia entre iguais, indisciplina, disrupción na aula e outros.</p>	<p>MEC CC.AA.</p>	<p>Observatorio de Infancia</p>



Obxectivo estratéxico 9.

Fomentar o desenvolvemento de intervencións de prevención, promoción e protección da saúde dirixidas á infancia e adolescencia, de prevención de accidentes e outras causas xeradoras de discapacidade, incluíndo aspectos de educación afectivo-sexual e educación para o consumo responsable e prestando unha atención especial ao diagnóstico e tratamento das deficiencias e á saúde mental da infancia e adolescencia.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORA
9.1 Promover a realización dun estudo sobre a saúde da infancia e a adolescencia en España desde unha perspectiva de saúde pública.	Mº de Sanidade e Consumo	CC.AA. (Consellerías de Sanidade).
9.2 Potenciar a Rede de Escolas promotoras da Saúde	Mº de Sanidade e Consumo	CC.AA. MEC
9.3 Promover o desenvolvemento de medidas de promoción e de protección da saúde dos menores: 9.3.1 Desenvolver actuacións e campañas educativas dirixidas á prevención de comportamentos e de condutas de risco. 9.3.2. Ampliar a taxa de cobertura dos programas de promoción e educativos para a saúde sexual adaptada aos distintos niveis educativos. 9.3.3. Promover o uso dos dispositivos de protección infantil fronte a accidentes e fomento do Consello Sanitario neste ámbito. 9.3.4. Publicar e difundir en España o libro branco de seguridade infantil elaborado pola Alianza Europea sobre seguridade infantil. 9.3.5. Apoio á Alianza Europea sobre Seguridade Infantil 9.3.6. Desenvolvemento de actuacións dirixidas a previr o consumo de tabaco, alcohol e outras drogas. 9.3.7. Desenvolvemento de actuacións dirixidas á prevención de embarazos non desexados, infección por VIH/SIDA e outras infeccións de transmisión sexual.	Mº de Sanidade e Consumo	CC.AA. INJUVE Mº Interior (Dirección Xeral de Tráfico)
9.4 Desenvolver actuacións de prevención e promoción da saúde dirixidas a grupos especialmente vulnerables, destacando a prevención dos trastornos da conduta alimentaria e a discapacidade.	Mº de Sanidade e Consumo Real Patronato	CC.AA.
9.5 Fomentar unha alimentación saudable e a práctica regular de actividade física, en prevención da obesidade infantil.	Mº de Sanidade e Consumo (Axencia española de seguridade alimentaria) MEC (CSD) Ministerio de Agricultura	CC.AA. e CC.LL.



9.6 Mellorar os servizos de saúde mental e de orientación psicolóxica para os adolescentes, con especial atención a aqueles obxecto de intervención polos servizos de protección.	Mº de Sanidade e Consumo	CC.AA.
9.7 Establecer medidas para a promoción e apoio da lactación materna.	Mº de Sanidade e Consumo	CC.AA.
9.8 Impulsar accións para a prevención de espiña bífida(1) e erradicación dos trastornos de déficit de iodo(2), que impida as graves consecuencias que esta carencia produce en nenos, nenas e adultos.	Mº de Sanidade e Consumo (2) Real Patronato(1)	CC.AA.
9.9 Promover o desenvolvemento de medidas dirixidas á educación para o consumo dos menores, promovendo a reflexión e o consumo responsable: 9.9.1. Realización dun concurso escolar, de carácter anual, dirixido aos alumnos/as de primaria e secundaria. 9.9.2. Edición de material didáctico en colaboración co Ministerio de Educación. 9.9.3. Apoio institucional á Rede Europea do Consumidor. 9.9.4. Apoio á creación dunha rede de centros de formación	Inst. Nacional Consumo	MEC CC.AA. ONG Instituto da Muller
9.10. Prevención de deficiencias no embarazo	Mº de Sanidade	CC.AA.



Obxectivo estratéxico 10

Favorecer un contorno físico, medioambiental, social, cultural e político que permita o desenvolvemento axeitado das capacidades dos nenos, nenas e adolescentes, favorecendo o dereito ao xogo, lecer e tempo libre, creando espazos apropiados, próximos e seguros, promovendo un consumo responsable, tanto nas zonas urbanas como nas rurais.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORA
10.1 Aplicar sistemas de indicadores para a Análise de Situación da infancia no ámbito local, como ferramentas para a autoavaliación dos propios Entes Locais españois.	FEMP	MTAS (DGFI) Unicef CC.AA.
10.2 Levar a cabo accións de sensibilización no ámbito local sobre a situación dos Dereitos da Infancia en países en vías de desenvolvemento e a importancia da Cooperación Descentralizada como ferramenta para atinxir os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio de Nacións Unidas.	CC.LL.	Mº Asuntos Exteriores (AECI) Unicef FEMP MTAS (DGFI)
10.3 Desenvolver estratexias comúns a través das Corporacións Locais e do movemento asociativo que favorezan as melloras da calidade de vida da infancia, con especial incidencia en zonas rurais, en atención aos ámbitos sociais, culturais, medioambientais, protección civil, etc.	CC.LL.	MTAS (DGFI, INJUVE) FEMP CC.AA.
10.4 Promover programas deportivos que traten de lograr a máxima participación da infancia e fomentar así o acceso ao "deporte para todos".	CC.LL.	Consello Superior de Deportes
10.5 Regular o tráfico en zonas urbanas para posibilitar, con carácter específico, que os nenos se poidan desprazar con seguridade.	CC.LL.	Mº Interior (Direc. Xral. de Tráfico)
10.6 Potenciar o desenvolvemento das ludotecas, como espazos accesibles destinados ao xogo, coa finalidade de desenvolver as capacidades do neno, estimular as relacións e fomentar a participación infantil, así como recoller experiencias de boas prácticas en ludotecas ou outros recursos destinados ao xogo, ao lecer e ao tempo libre.	FEMP	MTAS Real Patronato CC.AA. Mº Interior (Direc. Xral. de Tráfico)
10.7 Promover a supresión de barreiras para favorecer a plena accesibilidade e o desenvolvemento de nenos/as e adolescentes con discapacidade.	MTAS (DGCPSD) Real Patronato	FEMP CC.LL.
10.8 Promover programas de formación para os axentes de intervención en tempo libre e medio ambiente coa infancia, resaltando aqueles que desenvolvan habilidades para actuar con poboacións de risco.	FEMP INJUVE CC.AA.	
10.9 Promover programas de lecer e de acompañamento ao estudo para nenos/as de longa hospitalización, en atención domiciliaria e para nenos de poboacións rurais dispersas, que inclúan actividades de fomento da lectura axeitadas ás circunstancias dos mesmos.	CC.AA. Ministerio de Cultura	ONG
10.10 Mellorar a seguridade e calidade nas instalacións públicas dos parques infantís.	CC.LL.	CC.AA. FEMP
10.11 Potenciar actuacións horizontais baseadas no fomento da lectura como ferramenta de desenvolvemento persoal, de coñecemento e integración social, que impliquen a comunidade educativa, a familia e os mediadores	Ministerio de Cultura	



ou axentes responsables da formación dos menores en coñecementos e en valores.		
10.12. Fomentar a través das Corporacións Locais a dotación de libros de literatura infantil e xuvenil e as actividades das bibliotecas municipais de face ao fomento da lectura.	Ministerio de Cultura	CC.LL.



Obxectivo estratéxico 11.

Garantir o exercicio da participación efectiva dos nenos, nenas e adolescentes, como cidadáns de pleno dereito, co obxectivo de favorecer a súa integración social e a súa participación nos procesos de decisión de tanta materia os/as afecte.

Medidas:

	ORGANISMO	
	COMPETENTE	COLABORA
11.1 Revisar a normativa e as experiencias internacionais co obxectivo de recoller as formas mediante as que se concreta a participación dos nenos, nenas e adolescentes nos asuntos que os/as afectan nos distintos contextos nos que se desenvolven, co obxectivo de realizar as propostas que correspondan.	MTAS (DGFI) CC.AA.	
11.2 Estudar as distintas fórmulas establecidas polas Comunidades Autónomas para garantir o dereito á participación dos nenos, nenas e adolescentes nos procedementos administrativos e nos centros e servizos de protección de menores dos que son usuarios.	MTAS (DGFI) CC.AA.	Teléfonos do Neno e Adolescente
11.3 Establecer canles de comunicación e intercambio de coñecementos con institucións estranxeiras que teñan experiencia na promoción do dereito de participación infantil, facilitando o encontro con iniciativas españolas.	MTAS (DGFI) CC.AA.	ONG Universidades
11.4 Recoller e difundir experiencias de participación infantil, tendo en conta as persoas con discapacidade, que poñan de relevo a capacidade de nenos, nenas e adolescentes para contribuír na busca e satisfacción das súas necesidades e na satisfacción das necesidades dos demais. Celebrar encontro nacional de experiencias seleccionadas onde poidan participar tanto expertos profesionais como os propios nenos, nenas e adolescentes.	MTAS (DGFI, DGCPSD) CC.AA. FEMP	Real Patronato
11.5 Elaborar os estudos que recollan a opinión de nenos e nenas, co fin de contar coa súa propia perspectiva acerca da situación da infancia e a adolescencia, e de como lles afectan as políticas de infancia.	CIS CC.AA.	MTAS Universidades Teléfonos do Neno e Adolescente
11.6 Promover a participación infantil a través da posta en marcha de experiencias estables e permanentes de participación infantil e xuvenil por parte das Corporacións Locais, celebrando xornadas de intercambio de experiencias con carácter periódico.	CC.LL.	MTAS (DGFI) UNICEF FEMP
11.7 Desenvolver programas de formación en educación para a participación, dirixidos a diferentes axentes sociais: Educadores/as; Profesorado; Asociacións e Clubs de Deporte; así como as Asociacións de Pais e Nais.	FEMP	AMPAS Colexios profesionais Federacións Deportivas Infantís FEMP



VII.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO

A. ÓRGANOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO.

Un aspecto fundamental do presente Plan é contar con mecanismos de seguimento e instrumentos de avaliación. Con este obxectivo potenciarase, entre outros axentes capaces de asumir o compromiso, o labor do **Observatorio da Infancia** como órgano colexiado para a elaboración de indicadores e informes de situación que permitan en cada momento o seu seguimento e a toma de decisións co maior grao de coñecemento posible. Para dar cumprimento a ese encargo, formarase un grupo de traballo no seo do Observatorio de Infancia co obxectivo de impulsar o desenvolvemento das accións previstas neste Plan, así como realizar o seu seguimento e avaliación. Para este efecto, potenciarase a flexibilidade na estrutura de seguimento e desenvolvemento do Plan, establecendo, entre outras, comisións de seguimento de administracións públicas, organizacións non gobernamentais e de carácter mixto. Desesta forma lograríase a implicación do conxunto das Institucións na súa posta en marcha.

Co fin de controlar a execución e realizar as modificacións que se estimen pertinentes, o grupo de traballo anteriormente citado realizará revisións das medidas do Plan, a curto, medio e longo prazo, co obxectivo de propoñer e introducir os elementos correctores que se estimen oportunos.

Potenciarase, para rematar, a participación dos nenos, nenas e adolescentes no seguimento do Plan, en conexión coa Plataforma de Organizacións de Infancia.



B. INDICADORES DE REFERENCIA PARA O SEGUIMIENTO DO PLAN

1. Establecer un sistema permanente e compartido de información co obxectivo de mellorar o coñecemento da situación da infancia en España.

1. Poboación 0-17 por sexo e idade
2. Índice de dependencia xuvenil
3. Nacementos
4. Indicador conxuntural de fecundidade
5. Taxa bruta de natalidade
6. Idade media á maternidade
7. Nacementos por idade da nai
8. Nacementos fóra do matrimonio por idade da nai
9. Nacementos en segundas nupcias e posteriores
10. Nacementos por lugar de nacemento da nai
11. Porcentaxe de poboación estranxeira 0-17 sobre o total de poboación 0-17. España e CC.AA.
12. Poboación 0-17 e poboación total por sexo, grupos de idade e nacionalidade. España.
13. Peso da poboación 0-17 respecto a poboación total por sexo e nacionalidade. España.
14. Porcentaxe de fillos nados de nais de nacionalidade estranxeira sobre o total de nacementos. España e CC.AA.

2. Mellorar as políticas de infancia a través da coordinación e a cooperación entre as Administracións Públicas e demais organismos e axentes implicados a nivel nacional, e da cooperación internacional.

1. Número de Plans integrais de Infancia en Comunidades Autónomas
2. Número de Plans integrais de Infancia en Corporacións Locais

3. Avanzar na promoción de políticas de apoio ás familias no exercicio das súas responsabilidades de crianza, coidado e promoción do desenvolvemento persoal e potenciais capacidades dos nenos e nenas, e facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

1. Poboación 0-17 anos por grupos de idade e tipo de núcleo
2. Poboación 0-17 anos por grupos de idade e tipo de fogar
3. Fogares con poboación 0-17 anos por número de persoas
4. Fillos/as 0-17 anos por grupos de idade e tipo de núcleo
5. Núcleos con fillos/as 0-17 anos por tipo de núcleo e número total de fillos/as
6. Núcleos con fillos/as 0-17 anos por tipo de núcleo, por sexo e nivel de instrución de cada proxenitor
7. Núcleos con fillos/as 0-17 anos por tipo de núcleo, por sexo e relación coa actividade de cada proxenitor
8. Núcleos monoparentais con fillos/as 0-17 anos por sexo do proxenitor e grupos de idade do proxenitor
9. Núcleos monoparentais con fillos/as 0-17 anos por sexo do proxenitor e grupos de idade dos/as fillos/as
10. Núcleos monoparentais con fillos/as 0-17 anos por sexo do proxenitor e estado civil do proxenitor
11. Gasto público en prestacións da función familia e fillos como porcentaxe do Produto Interior Bruto (PIB)

4. Fomentar a sensibilización social sobre os dereitos, necesidades e intereses da infancia e a adolescencia mobilizando todos os axentes implicados nos diferentes escenarios de socialización e redes sociais comunitarias.

1. Número de accións de sensibilización sobre os dereitos da infancia e adolescencia
2. Número de accións de difusión do Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia

5. Impulsar os dereitos e protección da infancia nos medios de comunicación e as novas tecnoloxías.



1. Número de denuncias presentadas perante a Comisión Mixta de seguimento do Código de Autorregulación de Contidos televisivos e Infancia
2. Número de denuncias sobre páxinas web que conteñen pornografía infantil
3. Número de intervencións policiais contra redes de pornografía infantil

6. Potenciar a atención e intervención social á infancia e adolescencia en situación de risco, desprotección ou discapacidade e/ou en situación de exclusión social, establecendo criterios compartidos de calidade e mellores prácticas susceptibles de avaliación.

1. Poboación infantil (0-17 anos) atendida polos servizos de atención social primaria por sexo e grupos de idade.
2. Poboación infantil baixo medida protectora segundo tipoloxía de medida. Comunidades autónomas.
3. Poboación infantil en acollemento familiar por tipoloxía de acollemento. Comunidades autónomas.
4. Adopcións nacionais e adopcións internacionais. Comunidades autónomas.
5. Poboación infantil atendida en centros de protección de menores por procedencia.
6. Centros residenciais de protección á infancia por titularidade e nº de prazas. Comunidades autónomas.
7. Distribución da poboación infantil vítima de delitos contra a liberdade sexual por sexo e idade.
8. Menores de 18 anos vítimas de maltrato no ámbito familiar por sexo
9. Taxa de risco de pobreza (conxuntural) da poboación 0-16 anos por sexo (comparativa coas taxas da poboación de 0-16 e máis anos)
10. Taxa de risco de pobreza persistente da poboación 0-16 anos por sexo (comparativa coas taxas da poboación de 0-16 e máis anos)
11. Taxa de risco de pobreza da poboación 0-16 anos antes das transferencias sociais (comparativa coas taxas da poboación de 0-16 e máis anos)
12. Taxa de risco de pobreza da poboación 0-16 anos despois das transferencias sociais (comparativa coas taxas da poboación de 0-16 e máis anos)
13. Poboación de 0-17 anos que vive en fogares onde ningún dos membros ten traballo remunerado
14. Número de denuncias por agresións sexuais. Por grupos de idade.
15. Número de denuncias por maltrato a mulleres con fillos. Por grupos de idade.
16. Número de menores mortos vítimas da violencia doméstica.
17. Número de suicidios en menores de 18 anos, por idade e sexo.
18. Número de menores con discapacidade, por idade e sexo.

7. Intensificar as actuacións nos colectivos de infancia e adolescencia establecendo mecanismos preventivos e de rehabilitación perante situacións de conflito social.

1. Adolescentes e novos infractores baixo medida: centros de internamento por tipoloxía de medida, sexo e idade. Comunidades autónomas.
2. Adolescentes e novos infractores baixo medidas de medio aberto por tipoloxía de medida, sexo e idade. Comunidades autónomas.
3. Número de centros de internamento para menores infractores.
4. Número total de prazas en centros de internamento.
5. Número de equipos de intervención no medio aberto.

8. Garantir unha educación de calidade para todos desde os primeiros anos de vida, cunha perspectiva de xénero, caracterizada por unha formación en valores que potencie a interculturalidade e o respecto ás minorías e por unha atención á diversidade que compense desigualdades e asegure, mediante unha atención continua, o desenvolvemento máximo das potencialidades durante a infancia e a adolescencia.

1. Alumnado de educación infantil por titularidade do centro e sexos.
2. Alumnado de educación infantil por ciclos. Por titularidade do Centro.
3. Taxa de escolarización de educación infantil por ciclos e porcentaxes pública e privada.
4. Alumnado de educación primaria por titularidade do centro.
5. Alumnado de educación secundaria por titularidade do centro.
6. Alumnado matriculado en bacharelato por titularidade do centro. Ambos sexos e mulleres.
7. Alumnado matriculado en ciclos formativos de grao medio. Por sexos e titularidade do centro.
8. Alumnado matriculado en ciclos formativos de grao superior. Por sexos e titularidade do centro.
9. Gasto total en educación con relación ao PIB.
10. Gasto en educación por alumno.
11. Gasto público en educación con relación ao PIB.
12. Graduación na ISO.
13. Poboación de 16 e 17 anos que traballou algunha vez durante o ano pasado
14. Poboación de 16 e 17 anos que está traballando



15. Porcentaxe de alumnado de nacionalidade estranxeira sobre o total de alumnado por titularidade do centro educativo. España e CC.AA.
16. Alumnado estranxeiro por sexo, nacionalidade, etapa educativa e titularidade do centro.
17. Alumnado matriculado con necesidades educativas especiais: educación especial e integración, por ensinos.
18. Hábitos de lectura dos alumnos de primaria e secundaria, por idade, sexo, frecuencia de lectura, titularidade do centro e hábitat, incluíndo tamén preferencias lectoras e actitudes fronte á lectura —por que lle gusta ler, motivos para escoller unha lectura—.

9. Fomentar o desenvolvemento de intervencións de prevención, promoción e protección da saúde dirixidas á infancia e adolescencia, de prevención de accidentes e outras causas xeradoras de discapacidade, incluíndo aspectos de educación sexual e educación para o consumo e prestando unha atención especial ao diagnóstico e tratamento das deficiencias e á saúde mental da infancia e adolescencia.

1. Distribución dos embarazos en función da idade da nai, o nivel de estudos da nai, a nacionalidade da nai e titularidade do centro
2. Taxa de aborto (x 1000) en función da idade da nai, o nivel de estudos da nai, a nacionalidade da nai e a titularidade do centro
3. Mortalidade (total e infantil) por grupos de idade, sexo, nacionalidade e principais causas diagnósticas
4. Principal causa de hospitalización por sexo, grupos de idade, nacionalidade, causa diagnóstica e titularidade do hospital
5. Casos declarados de SIDA por sexo, grupos de idade e grupos de transmisión
6. Índice de masa corporal por sexo, grupos de idade e clase social do sustentador principal
7. Realización de actividade física por sexo, grupos de idade e clase social do sustentador principal
8. Vítimas de accidentes de tráfico por sexo, grupos de idade, tipo de vehículo, gravidade e zona do accidente.
9. Consumo de alcohol por sexo, grupos de idade e clase social do sustentador principal
10. Consumo de tabaco por sexo, grupos de idade e clase social do sustentador principal
11. Idades medias de inicio no consumo de distintas drogas psicoactivas entre os estudantes de 14 a 18 anos
12. Idade da primeira relación sexual por sexo, idade e nivel de estudos
13. Consumo de fármacos por sexo, grupos de idade e tipo de fármaco consumido

10. Favorecer un contorno físico, medioambiental, social, cultural e político que permita o desenvolvemento axeitado das capacidades dos nenos, nenas e adolescentes, favorecendo o dereito ao xogo, lecer e tempo libre, creando espazos apropiados, próximos e seguros, promovendo un consumo responsable, tanto nas zonas urbanas como nas rurais

1. Audiencia habitual de televisión por sexo, grupos de idade e frecuencia
2. Lectores de libros, por sexo, grupos de idade e frecuencia
3. Actividades deportivas realizadas os últimos 30 días por sexo, grupos de idade, clase social e tipo de actividade
4. Consumo de produtos cosméticos por sexo, grupos de idade e clase social
5. Actividades de lecer desenvolvidas durante os últimos 30 días por sexo e grupos de idade
6. Afeccionados a escoitar música e asistentes a concertos por sexo, grupos de idade e por frecuencia
7. Persoas con teléfono móbil por sexo, grupos de idade e nivel de ingresos familiares
8. Uso do móbil para diferentes funcións entre mozos e mozas de 15 a 29 anos
9. Persoas con ordenador por sexo, grupos de idade e nivel de ingresos familiares
10. Uso de Internet durante o último ano por sexo, grupos de idade e frecuencia
11. Actividades realizadas a través de Internet por mozos e mozas entre 15 e 29 anos
12. Uso de videoxogos por sexo, grupos de idade, clase social, frecuencia e aparello

11. Garantir o exercicio da participación efectiva dos nenos, nenas e adolescentes, como cidadáns de pleno dereito, co obxectivo de favorecer a súa integración social e a súa participación nos procesos de decisión de tanta materia os/as afecte.

1. Número de menores de 18 anos que participan en ONG
2. Número de programas destinados a fomentar a participación dos máis novos
3. Número de asociacións dedicadas á promoción e defensa dos dereitos do neno



VIII. ESTIMACIÓN PRESUPUESTARIA

Tabla 1. GASTO TOTAL EN POLÍTICAS DE INFANCIA Y ADOLESCENCIA
(miles de euros corrientes)

ÁREAS	2005	2006	Variación anual (%)
ADMINISTRACIÓN CENTRAL			
Bienestar social *	178.603	212.646	19,1
Seguridad Social	2.872.693	2.954.947	2,9
Menor infractor	26.113	26.706	2,3
Educación	1.197.432	1.314.349	9,8
Discapacidad	893	2.260	152,9
Juventud	7.091	8.095	14,2
Cultura y Deportes	32.155	33.229	3,3
Sanidad/ Salud	18.546	23.122	24,7
Cooperación Internacional	21.659	34.049	57,2
Nuevas Tecnologías	8.025	31.763	295,8
Medios Comunicación. RTVE	6.092	7.122	16,9
COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
Bienestar social *	1.662.781	1.892.777	13,8
Menor infractor	278.142	295.375	6,2
Educación	23.084.312	25.555.167	10,7
Discapacidad	41.938	47.067	12,2
Juventud	51.984	56.284	8,3
Cultura y Deportes	87.623	99.209	13,2
Sanidad/ Salud	1.397.754	1.467.370	5,0
Cooperación Internacional	9.826	11.672	18,8
Nuevas Tecnologías	77.976	83.857	7,5
TOTAL ADMINISTRACIÓN CENTRAL	4.369.304	4.648.289	6,4
TOTAL ADMINISTRACIÓN CCAA	26.692.336	29.508.779	10,6

(*) Incluye Bienestar social/ Servicios sociales, Menor y Familia, Igualdad, e Inmigración y Emigración



IX: ANEXO

RELACIÓN DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS CON PLANS DE INFANCIA.

- Plan Integral de atención a la Infancia de Andalucía. Junta de Andalucía (2003-2007).
- Plan integral de infancia, familia y adolescencia 2004-2007 (Gobierno do Principado de Asturias).
- Plan integral del menor en Canarias (Cabildo de Canarias).
- Plan de acción para la infancia y la adolescencia en Cantabria (Gobierno de Cantabria).
- Plan integral para la infancia y la adolescencia en Castilla-La Mancha 1999-2003 (Xunta de Comunidades de Castela-A Mancha).
- Plan regional sectorial de protección y atención a la infancia de la Junta de Castilla y León 2000-2003 (Junta de Castela e León).
- Pla Integral de suport a la Infancia i l'Adolescència de Catalunya (Generalitat de Catalunya).
- III Plan integral de apoio á familia 2002-2005 (Xunta de Galicia).
- II Plan Integral de Infancia 2006 – 2009. Gobierno da Ríoxa.
- II Plan de atención social a la infancia en la Comunidad de Madrid (Comunidade de Madrid, 2003).
- Plan de atención a la infancia y adolescencia en dificultad social de la Comunidad foral de Navarra (Gobierno de Navarra).
- Plan integral de la familia e infancia de la comunidad valenciana 2002-2005 (Generalitat Valenciana).
- Plan de Infancia para la atención de las situaciones de desprotección infantil. (Deputación Foral de Biscaia, 2000)